



## PRAIAS DE BUEU (centro urbano)

### Loureiro



Protexida entre Punta Corbeiro e Punta Petís, a area grosa e dourada da praia de Loureiro traza case unha liña recta ao longo duns 300 metros que nos encamiñan cara o centro de Bueu. Dende a ribeira poden verse as embarcacións de baixura fondeadas máis alá da zona de baño, de augas calmas e despexadas.

### Petís



### Pescadoira



### Banda do Río



Nesta praia urbana situada a continuación do porto de Bueu consérvase unha carpintería de ribeira onde nos últimos tempos aínda se veñen construíndo embarcacións tradicionais. Pola zona espállanse algunhas casañas de pedra que constitúen exemplos da arquitectura mariñeira. No areal áchase a cova coñecida como Burato da Londra, e quizais tamén os lendarios túneles que unirían a costa co monte Liboreiro ou co Pazo de Santa Cruz. Pódese chegar en coche ou camiñando polo paseo marítimo e moi preto concéntranse boa parte dos establecementos hostaleiros da vila.



Banda do Río

## PRAIAS DE CELA

### Portomaior



Camiñar pola ourela ao son das ondas gozando das magníficas vistas sobre a Ría de Pontevedra é unha experiencia tan prazenteira como deitarse na area morna e refrescarse neste mar de augas claras e tranquilas. Portomaior combina o seu impactante atractivo natural coa completa dotación en servizos que corresponde a unha veterana da Bandeira Azul.



Portomaior

### Lapamán



Máis de medio quilómetro de area branca e fina, abrigada polas árbores e compartida co veciño Concello de Marín, perfecta para erguer imposibles castelos de area. No serán, cando o sol se agocha tras o lombo sinuoso da Illa de Ons, a luz transfórmase nunha das atardecidas máis sonadas das Rías Baixas.

### Muíño Vello

### Covelo

### Pedreira

### Agrelo



Ao igual que na lindeira Portomaior, as aínda perviventes dunas e os singulares cons que delimitan esta praia imprimeñlle un carácter propio, acentuado polos ríos de canle variable que sucun o areal. Agrelo ofrece tamén todas vantaxes derivadas da súa ubicación semiurbana, nun contorno rústico de leiras fértiles.

## GUÍA DE PRAIAS CONCELLO DE BUEU

Dende o areal infinito de Lapamán, na parroquia de Cella, ata a acollidora cala de Reventóns, en Beluso, unha sucesión de fermosas praias esténdense ao longo dos máis de dez quilómetros de costa do municipio de Bueu (Pontevedra). Ata existe a posibilidade de mergullarse nas augas dun Parque Nacional, en areas virxes rodeados de vexetación e suxeitos ás regras dun espazo protexido como é a paradisíaca Illa de Ons. No continente, o litoral ofrécelles aos bañistas os máis completos servizos e requisitos de seguridade, mesmo coa garantía que supón o distintivo Bandeira Azul. Praias salvaxes para perderse no encanto da natureza ou praias céntricas dotadas con todas as comodidades, un amplo abano onde escoller.

### LENDA DE SERVIZOS DAS PRAIAS

	Acceso para tráfico rodado		Bandeira Azul		Vestiaros
	Aparcadoiro		Auga potable		Acceso para persoas con mobilidade reducida
	Duchas		Aseos adaptados		
	Quiosco		Socorristas		
	Restaurante		Naturismo		



Lagos

## PRAIAS DE BELUSO

### Lagos



Na cara sur de Udra, Eolo e Poseidón modelaron os penedos coas máis imaxinativas formas para darlle refuxio a unha rica fauna mariña. Dende o miradoiro sobre a magnífica praia de Lagos, contemplar o solpor ou a forza do mar batendo contra as rochas convértense en espectáculos únicos.

### Reventóns



Beluso

### Praia de Beluso



Abrigada dos ventos, a Praia de Beluso mergúllase nun contorno tradicional de casas mariñeiras. No moderno porto, embarcacións deportivas conviven coas gamelas e dornas da pesca máis artesanal.

### Area de Bon



Esta praia escenifica a fusión perfecta entre mar e monte, pois aquí os piñeiros case tocan as augas, puras e mansas. Distinguida coa Bandeira Azul, Area de Bon dispón dos servizos máis completos, nunha ubicación rural.

Area de Bon

## PRAIAS DA ILLA

### Area dos Cans



O territorio virxe do Parque Nacional das Illas Atlánticas revélanos praias salvaxes como Area dos Cans, ao norte de Ons. Coa marea baixa pódese chegar camiñando ata A Laxe do Crego, unha sepultura con forma de silueta humana rodeada de lendas.

### As Dornas



### Canexol

### Pereiró

### Fedorentos

### Liñeiro

### Fontiñas

### Melide



Considerado o areal máis fermoso de Ons, os nudistas gozan en Melide da liberdade dunha praia paradisíaca de areas limpas e augas tan claras que deixan ver o fondo mariño.



Melide

### Tuia



A longa praia de Tuia inclúese no espazo protexido de Punta Udra. O valor natural e paisaxístico deste areal en forma de media cuncha acentúase co seu complexo dunar e coa vexetación que a rodea. Conta cunha pequena cala ideal para a práctica do naturismo.

### Robaleira



### A Roiba



### Sartaxéns



### Ancoradouro



### Pedrón

### Mourisca



Inmersa nun contorno forestal, esta praia de area branca e augas azul turquesa é ideal para os amantes da natureza. Ao igual que os demais areas do cabo, Mourisca está integrada na Rede Natura 2000, feito que dá boa mostra da súa importancia ecolóxica. No lugar perduran os vestixios dunha antiga fábrica de salgadura.